

**VAGAROSAMENTE INXENUA**

**Mare**

I

Ven... e embriágame as bágoas...

Sente a tenura rozándose  
vagarosa,  
ao amencer serodío da miña existencia  
que coma fuxidía estrela,  
berra o meu bico nos teus beizos,  
co vagalume da pureza estentórea.  
Apreixa as verbas que che rozan  
vagarosas,  
na miña noite más tenra,  
e naquel foi cando,  
e en qué foi ónde que amei  
en lugar de corazón, a alma aberta.  
Voa os versos para que che rocen  
vagarosos,  
coas miñas verbas más belas,  
quedando tan empedrados os dous...  
que nin sequera sei  
se eran brazos, se eran ás, ou se eran terra.  
Debuxa os intres que ao rozar  
vagarosos,  
as rimas enversaron as miñas hedras,  
respirar as mans,  
entrenzar os aires,  
lembrazas tan descalzas, futuros tan immensos.  
Escoita cada solpor rozando  
vagaroso,

murmurios cos que me queiras,  
fervendo de bbulas...

¿o qué?

Shh.

A Lúa Chea.

Embriágame as bgoas, e que che rocen!  
(que me rocen!)

vagarosas,  
tan vagarosas coma inxenuas.

II

Son as miñas verbas soterradas no vento...

Volvo ser herdanzas do eterno;  
e mentres a alma desviste a lúa,  
esperanza, dor e ferro;  
rexurdo das miñas orixes;  
coma a ilustre contra o feiticeiro;  
ti, mentiras irreprimibles  
sínteme o teu exorcismo de pel;  
*eu xa non teño medo.*

Traíos enxames do querer  
no meu ollar, recuncho segredo.  
Ameazas ferintes no bafo da noite  
que se transforman en bicos... de beizos.

As pupilas dilátanse no escuro,  
non sei se de fulgor ou do esnaquizante desexo,  
transformando ironía en morte de amor,  
de odio.

Cansada, ao fin, muller,  
a loita non é o medio.

O seu xeado alento mata,  
corrompe, esnaquila [inexistente querer]  
Chora, berra...  
*Eu xa non teño medo.*

Fendas sanguentas ao atardecer,  
bañan o chan de vermello...

... e no mesmo vento, o meu legado voa lonxe, lonxe e alleo.

III

Esquecido erotismo no resplendor do escintílio  
que escurece a alma,  
mentres alumia o desexo.

E este querer de ti,  
dos teus braços, do teu corpo enteiro;  
soñadora esperanza de ser  
que estremece no alento de dentro;  
¿eco estentóreo ou fulminante silencio?  
Non, sinxelamente foi un bico nos teus beizos.

## IV

As gotas de chuvia esvaraban pola fiestra...

Pasenío para non ser vistas.

Ainda non saben as mans acarriñar a alma,  
no eco libidinoso que soa.

E mentres,  
apagado violoncello esquecido  
voa  
nun sinfin de murmurios...  
calma.

Sempre lembrei na parte afastada,

escoita

agora, o sentimento xorde  
coa tentacion da alborada.

Sabes, teño o mar nunha gaiola  
esquecida,  
mentireira  
e morta.